



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DA TERCEIRA EDICIÓN DA FEIRA DA ENERXÍA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA: Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Fundación Semana Verde de Galicia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de xullo de 2022.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto regular as condicións da colaboración conxunta entre o Inega e a Fundación Semana Verde de Galicia, encamiñadas a organización no vindeiro ano 2022 da terceira edición da feira de carácter monográfico de enerxía, que ten por obxectivo a promoción e potenciación dos principais sectores enerxéticos:

- A eficiencia enerxética
- As enerxías renovables: eólica, solar, aerotérmica, xeotérmica, hidráulica, e gases renovables
- Autoconsumo enerxético

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamente no seguinte:

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega), é unha axencia pública autonómica que ten entre os seus obxectivos fundamentais o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, estudo e apoio de actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación de tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro enerxético, o fomento do uso racional da enerxía así como intentar acadar que na sociedade galega exista un coñecemento do contexto enerxético actual e divulgar a importancia fundamental da utilización eficiente da enerxía.

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, a axencia Instituto Enerxético de Galicia poderá cooperar con outras administración públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e funcións, e con entes do sector privado a través de convenios (art. 9.1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 142/2016, do 22 de setembro).

Que no ámbito das enerxías renovables e sostíbeis, o Inega desenvolve políticas encamiñadas acadar obxectivos de divulgación de coñecementos e de técnicas de xestión delas e unha actualización técnica dos consumidores nestas enerxías que permitan unha redución no consumo de materias derivadas do petróleo. No contexto actual enerxético mundial, os países máis industrializados están a buscar patróns de produción e consumo da enerxía que prime o aforro e a eficiencia enerxética, compatible coa sustentabilidade do planeta; e co obxectivo de frear o cambio climático.



Que A Fundación Semana Verde de Galicia é unha institución sen fin de lucro creada no 1991, declarada de interese galego. A Fundación ten entre os seus fins:

- Contribuír ao desenvolvemento do sector agrario galego, a través de actividades feirais e de mercados agropecuarios.
- Promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores.
- Reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Que o Inega na búsqueda do desenvolvemento das actuacións de promoción, divulgación e potenciación dos principais sectores enerxéticos que permitan acadar a maior repercusión posible entre o sector empresarial, profesional e a poboación galega, vai a desenvolver un convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia para a organización e celebración no ano 2022 da terceira edición da feira de carácter monográfico de enerxía nos sectores enerxéticos relacionados coa eficiencia enerxética, as enerxías renovables (principalmente: eólica, e solar, aerotérmica, xeotérmica, hidráulica e gases de orixe renovable) e o autoconsumo enerxético.

Polo dito, o Inega ten un obxectivo dobre co presente convenio de colaboración, como é desembocar nun mellor coñecemento dos sectores enerxéticos galegos, destacando a eficiencia enerxética, as enerxías renovables (eólica, solar, aerotermia, xeotermia, hidráulica, e gases renovables), e o potencial do autoconsumo, e por outro lograr que a feira de carácter monográfico de enerxía se constitúa como gran evento monográfico do sector precisando dun escenario singular e dinámico na súa exposición que permita acadar a maior repercusión posible.

O Inega colaborará coa Fundación Semana Verde de Galicia no financiamento dos gastos que xeren as actuacións para a promoción, difusión e organización durante as anualidades 2021 e 2022 da terceira edición da feira de carácter monográfico de enerxía, obxecto do presente convenio, con un total de oitenta mil euros (80.000,00 €), IVE incluído, con cargo a conta contable 06.A3.733A.641.1, co reparto por anualidades seguinte:

| ANUALIDADE | IMPORTE ACHEGA INEGA(IVE incluído) | IMPORTE ACHEGA SEMANA VERDE (IVE incluído) |
|------------|------------------------------------|--------------------------------------------|
| 2021 | 10.000,00 € | 3.000,00 € |
| 2022 | 70.000,00 € | 23.000,00 € |
| TOTALES | 80.000,00 € | 26.000,00 € |

No texto do convenioponse de manifesto que se van realizar actividades de interese público, social e económico, co fin de acadar o obxectivo dun mellor coñecemento dos sectores enerxéticos galegos.



En atención ao exposto, e a fin de cumprimentar o preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á a sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A xerente do Inega

Vanessa Cal Ríos